

CORONADIARIO

CEIP SAN ROQUE - 3º EP

Número 8


Luns, 25 de maio de 2020



Noa, Alejandro, Sonia, Ismael e Luis fixeron robots na semana que dedicamos á tecnoloxía.

As tecnoloxías axúdannos

LAURA R./Gándara
A tecnoloxía sempre foi moi importante, pero durante esta corentena máis. Con ela podemos facer os deberes sen ter que ir ó Cole, ver ós avós, mandar fotos ós amigos, ver películas... O malo é que se non as utilizamos con responsabilidade podemos distanciarnos máis da xente.



Antón, Jose, Aarón, Iria e Mario tamén fixeron robots.

ÍKER / Saradelo
Nesta situación tan rara estamos aumentando o uso da tecnoloxía, para xogar, comunicarnos, ver fotos e vídeos... Tamén está sendo moi útil para que poidamos facer as tarefas do Cole e para os adultos que teletraballan. A miña opinión é que a necesitamos para avanzar, pero quítanos moito tempo.

ISMAEL / Saradelo
Grazas ás tecnoloxías neste confinamento estou entretido porque podo xogar á play. Ademais podo mandar por correo electrónico as fotos do traballo e tamén recibilo. Ás veces falo por internet cos amigos e podo velos, pero é difícil porque son moitos e non se ven. Eu penso que non se debe pasar moito tempo con elas, pero axúdannos.

RUBÉN / Tarrío
Todo foi moi rápido e grazas á informática fomos comunicándonos. A profe manda os deberes por correo electrónico e podo falar cos meus amigos por videochamada.

LUIS / Saradelo
As novas tecnoloxías encántanme pero non podemos abusar delas porque nos quedarían moitas cousas sen facer, coma o deporte, ir á praia, saír cos amigos... Cando se vai a conexión, póñoome rabioso!

IRIA/ Aduana de Corón
Utilizamos moito as tecnoloxías, pero ollo! Non podes pasar demasiadas horas facendo uso delas.

JOSE / Saradelo
Co ordenador mantéñome en contacto coa mestra a través do correo electrónico, ela envíame as tarefas e eu mándollas feitas. Pero é máis divertido facelas no Colexio que na casa.